

**Acta núm. 8/2018.**  
**Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local**  
**do 22 de maio de 2018**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Yolanda Bouzas Alfonsín.

José Luis Sampedro Bouzas.

José Pedro Cambón Fernández.

Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.30 horas do 22 de maio de 2018, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

1º.- Acta anterior correspondente ao día 9 de maio de 2018.

2º.- Comunicacions previas (obras menores).

3º.- Modificación licenza de obra maior.

4º.- Cambio de titularidade de vado permanente.

5º.- Rogos e preguntas.

**PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 9 DE MAIO DE 2018.**

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 9 de maio de 2018, acta núm. 7/2018.

**SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRAS MENORES).**

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ALBERTO ALVAREZ ESCUDERO, con domicilio en Paseo de Pedrouzos 22, Brión, na que comunica que vai realizar obras de reparación interior na vivenda do Paseo de Pedrouzos 22, Brión, consistentes no cambio de azulexos e pavimento dos baños.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro do ámbito do solo de núcleo urbano (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA DEL CARMEN CAMIÑO REY, con domicilio en Lamiño 27, Brión, na que comunica que vai realizar as seguintes obras na vivenda de Lamiño 27, Brión:

- Pintado de fachada.
- Substitución de dúas carpinterías exteriores na mesma cor existente.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo urbano UC2.

Consonte co informe técnico a aldea de Lamiño está integrada dentro do catálogo de bens de interese cultural do PXOM coa identificación BE6. Non resulta preceptivo obter a autorización previa do servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de acordo co disposto na Instrución do 8 de novembro de 2017, relativa ao trámite de autorizacións en materia de patrimonio cultural, nos bens catalogados e declarados de interese cultural, os seus contornos de protección e as zonas de amortecemento, toda vez que non se poñen en risco os valores culturais protexidos.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa recomendación de que:

- A cor da fachada deberá elixirse entre as determinadas pola “Guía de cores e materiais de Galicia”, publicada pola Xunta de Galicia, dado o ano de construción da edificación (1985):1000-N, 1002-Y, 1505-Y10R,1005-Y02-R,1505-Y30R,1505-Y40-R, 603-R80B, 15012-Y, 2010-Y10R, 1505-Y20R,2005-Y30R, e 2005-Y40R.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Javier de los Ríos Martín de Argenta, que di actuar en nome de GAS NATURAL FENOSA RENOVABLES S.L.U., con domicilio en Avda de San Luis 77, 28033 Madrid, na que comunica que vai a realizar as seguintes obras na Central Hidroeléctrica do Tambre III:

- Adecuación interior dos aseos.
- Instalación de pozo de bombeo.
- Instalación de depósito estanco para augas residuais.
- Instalación de depósito de almacenamento de auga potable.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal e da resolución de Augas de Galicia, Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, de data 27/02/2018 (expediente 6/204/19), por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Pablo Gómez Sampayo, que actúa no nome de OLGA MARIA VEIGA MARTINEZ, con domicilio en Esparís 7, Viceso, na que comunica que vai realizar obras de conservación dun galpón de 40 m<sup>2</sup>, en Esparís 7, Viceso, consistentes na substitución das uralitas en mal estado por outras novas, sen incrementar o volume da cuberta e encintado da parede.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro do ámbito do solo de núcleo rural (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Manuel Martínez González, que di actuar en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO BARLOGAR, con domicilio en Avda. da Mahía 78 baixo 4, Bertamirans, Ames, na que comunica que vai realizar labores de reparación e conservación da fachada medianeira do edificio sito na Avda. de Santa Minia 54, Brión, consistentes na:

- Limpeza da fachada con chorreo de auga a presión.
- Grapado de gretas.
- Colocación dun illamento térmico polo exterior da fachada, co sistema SATE, acabado en cor branco.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo de núcleo urbano (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ROSA PEREZ NOGUEIRAS, con domicilio na Travesía da Peregrina 3, Bertamiráns, Ames, na que comunica que vai construír un peche en en Lamiño 65, Brión, coas seguintes características:

- Peche co vial público, na aliñación establecida polos planos de ordenación, mediante muro de pedra ata unha altura de 1 m. e enreixado metálico na parte superior, con dúas portas de acceso.
- Peche cos lindeiros laterais e posterior, mediante muro de bloques de formigón enfuscados e pintados en cores claros, sobre o que se asentará o entramado composto por postes metálicos e de arame.

A parcela aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza UC-2.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Que a altura total do peche non supere 1,80 m. con respecto á rasante natural do terreo.
- Que a altura da parte opaca dos muros non supere en ningún punto 1,20 m. con respecto á rasante natural do terreo.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

### **TERCEIRO.- MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRA MAIOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por RUBEN LOPEZ CASTRO, con domicilio en Rueiro 20, 4ºB, Ames, na que solicita modificación da licenza concedida en Xunta de Goberno Local o 05.10.2017, para construír unha vivenda unifamiliar en Bemil 36, Bastavales, que consiste na redución da superficie de cesión de 81,50 m2 a 66,00 m2, e que se formalizou en documento administrativo de cesión de viais no solo de núcleo rural, de data 25.09.2017.

Esta redución é debida a que no documento administrativo de cesión e no plano de emprazamento foi mal grafada a superficie da parcela de cesión 81,50 m2, debendo ser realmente 66 m2, tal e como se recolle no plano do proxecto de segregación, aprobado en Xunta de Goberno Local do 02.03.2015.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade rectificar o erro material advertido e modificar a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local o 05.10.2017, no senso de aceptar unha cesión de 66 m2 para ampliación de viais formalizada en documento administrativo con data 18.05.2018, en lugar dos 81,50 m2 que figuraban anteriormente.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

#### **CUARTO.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE VADO PERMANENTE.**

a) Deuse conta dunha instancia asinada por JOSE GONZALEZ RODRIGUEZ, con domicilio en Avda. dos Ánxeles 38B, Os Ánxeles, na que solicita o cambio de titularidade da licenza de vado permanente núm. 2007/14, situado na Avda. dos Ánxeles 38B, Os Ánxeles, concedido pola Xunta de Goberno Local do 13/09/2007 a Aurea Couso Hombre e Jesús Cancelo Piñeiro.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de vado permanente núm. 2007/14, situada en Avda. dos Ánxeles 38B, Os Ánxeles, a nome de José González Rodríguez.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

#### **QUINTO.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se produciu ningunha.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 13,45 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde  
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González